



prestigioso ceramista talaverán Juan Ruiz de Luna, que fan deste edificio unha construción singular. Continuamos o camiño e chegamos a Mámoa de Santa Margarita; a nosa ruta pasa por diante dunha das casas medievais que se atopa no concello; hoxe restaurada esta villae presentaba unha planta rectangular na que destaca o dintel decorado da que foi a súa porta principal.

A seguinte parada é o Castro de Quintá, do que pouco máis se conserva que unha única muralla defensiva que rodeaba todo o seu perímetro. Presenta a estrutura propia dun castro de chaira. O camiño nos leva a unha segunda casa medieval, de planta rectangular, igual que a anterior, na que podemos adiviñar a existencia dun antigo forno de cocer no seu interior. Destaca o seu dintel decorado cunha estrela de David.

Continuamos cara Pena de Embade lugar do que se di que antigamente había unha pedra de abalar utilizada con fins adivinatorios ou curativos. O percorrido nos leva a Pena Molexa, para moitos é a pedra con máis lendas por centímetro cadrado de cantas existen no mundo. Trátase dun espectacular penedo de varias toneladas colocado sobre enormes rochas. A súa disposición non ten aparencia natural o que fai posible que existan numerosas lendas sobre a súa orixe máxica.

A nosa seguinte parada será o Mosteiro de Baltar. O seu fundador foi don Juan Pardo de Lago e Montenegro que casou con dona Catalina de Andrade. Este Pazo pasou a formar parte das propiedades da casa dos Marqueses de San Sadurniño, e a morte sen descendencia da derradeira marquesa pasou a mans dos pais misioneiros do Sagrado Corazón, que no ano 1914 construíron un novo mosteiro sobre os seus cimentos. Destaca a súa capela onde están enterrados don Fernando de Andrade e a súa esposa dona Inés de Castro e Lanzós, e a fonte barroca que adorna o xardín.

O camiño remata en Santa Margarida onde podemos visitar a fonte, a capela e o cruceiro. A

RUTA 5. Os camiños milenarios do Val en bici.

SAÍDA: Pazo de Libunca.

CHEGADA: Capela de Santa Margarida.

LONXITUDE: 17, 97 Kms.

DIFICULTADE: ALTA.

DURACIÓN: 2:30 Minutos.

ALGÚNS PUNTOS DE INTERESE: Pazo Libunca, mámoa de Santa Margarida, Casas Medievais, Castro de Quintá, Pena de Embade, Pena Molexa, Castro de Vilasuso, Pena Lopesa, Convento de Baltar, Fonte de Santa Margarita, Capela de Santa Margarida, Cruceiro de Santa Margarida.

Esta ruta de gran interese histórico, etnográfico e cultural, salpicado de pasaxes que nos permiten gozar da natureza, percorre unha parte importante da parroquia de Santa María a Maior do Val no Concello de Narón. Partimos do Pazo Libunca, no lugar da Venta en San Xiao para chegar ao lugar de Santa Margarida onde podemos descansar ao pe do cruceiro.

Comeza a ruta no Pazo Libunca cuxo nome provén dun antigo asentamento mítico chamado Libunca que algúns autores sitúan entre a desembocadura do río Beelle e o ría Xuvia. Foi construído, arredor do ano 1922, para a familia Montenegro seguindo os planos deseñados polo arquitecto catalán Juan S. Roig, e decorado con fantásticos azulexos de cerámica de Talavera, feitos no taller do

OS CAMIÑOS MILENARIOS DO VAL EN BICI



CONCELLARÍA DE TURISMO

POLICIA LOCAL- EQUIPO EDUCACION VIARIA CONCELLO DE NARON




CONCELLARÍA DE TURISMO

POLICIA LOCAL- EQUIPO EDUCACION VIARIA CONCELLO DE NARON



fonte de Santa Margarida posúe dous canos, un adicado a Santa Lucía que cura os males de vista, e outro a Santa Margarida contra a maxia e o mal parto. O seu frontón está decorado coa Cruz de Malta e ao seu lado existe una escaleira de pedra que serve de acceso. A continuación vemos a capela; unha pequena igrexa de planta rectangular unha soa nave. Destaca a súa porta principal, datada do primeiro tercio do século XVI, nela atopamos as armas da casa de Andrade, a saber o xabarín e a banda engolada coa súa lenda "Ave María Gratia Plena". Finalizamos a nosa ruta no cruceiro, unha obra de formas arcaicas elaborado en pedra de dunita. A imaxe do Cristo ten as pernas mutiladas, unha coroa de espiñas e un manto de pureza bastante aparatoso; a Virxe aparece representada cun amplo manto, está esculpida con bastante detalle e en postura frontal.



LENDAS:

- A) SAIDA NO PAZO DE LIBUNCA.
- B) MAMOAS DE SANTA MARGARIDA
- C) CASA MEDIAVAL 1.
- D) CASTRO DE QUINTA.
- E) CASA MEDIAVAL 2.
- F) PENA EMBADE.
- G) CARTEIS RESUME DA RUTA.
- H) PENA MOLEXA.
- I) MOSTEIRO DE BALTAR.
- J) CAPELA, FONTE E CRUCEIRO DE SANTA MARGARIDA

